


XORNADA DE XOGOS POPULARES

23 maio 2019 – CEP Pedro Caselles



A xornada está proposta para alumnado de 6º curso de primaria.

Os colexios participantes, na inscrición previa, indicarán o número de equipos: confeccionarán equipos por cada grupo con número aproximado de 10 alumnos e alumnas, procurando un reparto equilibrado por sexo.


Exemplo: o CEP Pedro Caselles ten dous sextos con 16 alumno/as cada un: presenta tres equipos de 11, 11 e 10 xogadores/as.

Cos equipos presentados, organizaranse en tres grupos, procurando separar os equipos de cada colexio neses tres grupos.

Cada un dos grupos comezará a competición nun dos xogos, e competirá cos outros equipos do seu grupo durante un tempo de media hora.

Logo farase a rotación do grupo a outro xogo, para realizar a competición durante outra media hora.

Finalmente a terceira rotación, con media hora máis, e finaliza a xornada.



REGULAMENTO DE BILLARDA

Fanse dous campos de xogo, ocupando dúas metades lonxitudinais do campo de fútbol.
Colocaranse dúas porterías pequenas (tipo balonmán) nun fondo do campo, aos dous lados da portería grande. Estas dúas porterías serán o final do percorrido.
O total dos equipos participantes divídese en dous grupos, xa que hai dous campos.
Disporase o número de billardas necesarias para cada equipo, diferenciadas por cores, marcas...
Establécese unha orde de participación, e seguirase esa orde en todas as quendas.
Cada equipo ordeará os seus xogadores, que irán intervindo segundo a súa orde de quenda.
Golpearase a billarda co pau para avanzar, previo golpeo para levantala no aire.
Sucesivamente van participando cada xogador do equipo ata conseguir meter a billarda na portería. Contarase o número de golpes, e gañará o equipo que alcanza a portería antes.
Na seguinte partida, o equipo que perdeu, comezará.
Se remata o tempo e non completan a clasificación algúns equipos, contabilizarase nos últimos lugares estes equipos, poñendo antes ao que máis perto da portería quedara.

REGULAMENTO DA CHAVE

Instalaranse dúas chaves, e por tanto, dividiremos o número de equipos participantes en dous grupos.
Cada equipo irá rotando os seus xogadores como se fai nos demais xogos.
En cada unha das chaves, establécese quendas de participación entre os diferentes equipos, lanzando cada xogador, na súa quenda, tres pellas.
O obxectivo é alcanzar o maior número de puntos durante o tempo do xogo.
Sistema de puntuación nos lanzamentos: Se tocas ferro: 1 punto; se tocas aspa: 2 puntos; se fas xirar unha das aspás: 3 puntos (como mínimo ten que xirar 45º).
No momento en que remate o tempo de xogo, anotaranse os puntos conseguidos en cada equipo.

REGULAMENTO DO BOLO CELTA

REGRAS BÁSICAS:

Campo de xogo: Base de lanzamento, lugar de caída, pedra boleira (á mesma altura que a base), raia ou liña de 10 puntos (situada a 12 metros da pedra boleira) e punto de birlo (dende calquera punto da raia).

Bolas de madeira dura (buxo, principalmente).

Bolos: 9 en forma de cono ou bala, de uns 15 cm. de altura.

Valoración das xogadas: Para poder anotar puntos é necesario que a bola, despois de ser lanzada, supere a raia ou liña de 10 puntos.

Cada bolo derrubado vale 1 punto. Os bolos que superen a raia valen 10 puntos cada un.

Birlar: Para birlar lánzase a bola rodando dende un punto fixo da raia. Pero para poder birlar é necesario que a bola lanzada dende a base teña superado a raia, senón non hai dereito a birlar.

Cada bolo derrubado co lanzamento dende o punto de birlo vale un punto.

Xogarán o número de equipos participantes nesa rotación, xa que teremos unha única pista.

En cada equipo, irán rotando por orde cada xogador respectando sempre a quenda establecida.

Farase participación de cada equipo, asignándolle cinco tiradas, e contabilizando o número final de puntos conseguidos nesas cinco tiradas: considérase unha tirada o lanzamento dende a base máis o lanzamento dende a liña de 10 puntos se hai dereito.

AGRUPAMENTO DOS EQUIPOS

GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3
CASELLES A	CASELLES B	CASELLES C
TEBRA	SOBRADA A	SOBRADA B
GOIAN A	BARRANTES	GUILLAREI
RANDUFE B	GOIAN B	RANDUFE A

ROTACIÓNS NOS XOGOS

HORA	ROTACIÓN	PISTA	BOLO CELTA		CHAVE		BILLARDA	
10:30	1	1	CAS A	TEBRA	CAS B	SOB A	CAS C	SOB B
		2	GOI A	RAN B	BARR	GOI B	GUILL	RAN A
11:00	2	1	CAS C	GUILL	CAS A	GOI A	CAS B	BARR
		2	SOB B	RAN A	TEBRA	RAN B	SOB A	GOI B
11:30	3	1	CAS B	GOI B	CAS C	RAN A	CAS A	RAN B
		2	SOB A	BARR	SOB B	GUILL	TEBRA	GOI A

DISTRIBUCIÓN DOS PROFESORES

Profesorado acompañante		
Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3
Caselles	Goián	Sobrada
Randufe	Barrantes	Guillarei
Profesorado de pista		
BOLO CELTA	CHAVE	BILLARDA
Pista 1: R**a	Pista 1: B****a	Pista 1: S**o
Pista 2: B****a	Pista 2: P***o	Pista 2: B****a